



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. n° 01270060 - C.I.E. P-2700600-4

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE persoal laboral temporal enxeñeiro técnico agrícola/forestal que se contrate no concello de Becerreá ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO "PROGRAMA DEPUEMPREGO".

### 1.-OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedimento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA/FORESTAL para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do "**PROGRAMA DEPUEMPREGO**" de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Becerreá con data 23 de setembro de 2016.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o "**PROGRAMA DEPUEMPREGO**" o Concello de Becerreá pretende contratar a dous traballadores con diferente nivel de cualificación como medida para paliar a actual conjuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade una economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e prácticamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos ainda industrial.

A posta en valor desta riqueza natural require de potencial humano, veciños do Concello ou da Comarca que non se vexan na obriga de emigrar e que poidan desenvolver o seu proxecto vital no lugar onde naceron e para elo, ademáis de emprego, deben contar cos servizos básicos é mínimos que eliminan desigualdades e fagan posible un nivel óptimo de calidade de vida. Deben estar garantidos os servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos que este Concello xa se referiu con data 15 de decembro de 2015 con ocasión da aprobación dos Orzamentos para o ano 2016 e aos efectos de proceder á contratación de persoal laboral temporal ou nomeamento de funcionarios interinos, considerando como tales tódolos servizos administrativos e os que se refiran aos mínimos obligatorios (para concellos de menos de 5000 habitantes son os seguintes: "alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación de vías públicas e control de alimentos e bebidas"), así como os servizos sociais, os de prevención e extinción de incendios e outros destinados á intervención rápida en caso de emerxencia, así como os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local.

En concreto, se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños e accesos a núcleos de poboación.

Trátase este dun servizo prioritario se queremos converter ao Concello de Becerreá nun ámbito territorial onde sexa posible vivir con niveis óptimos de calidade de vida e onde sexa posible desenvolver actividades vinculadas co aproveitamento e conservación do noso medio natural.

Todo elo sen esquencer que tamén son servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos efectos de proceder á contratación de persoal laboral temporal, os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local, obxecto último da subvención a conceder pola Deputación Provincial de Lugo no marco do Programa DEPUEMPREGO.

Os contratos de traballo concertaranse cunha duración determinada de 12 meses, ata outubro de 2017 e a completa.

**1.2. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.

**1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.**

**1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá así como na páxina web do Concello de Becerreá e da Excma. Deputación Provincial de Lugo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

## **2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, ata outubro de 2017.

## **3. FUNCIONES**



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060 - C.I.E P-2703600-F

Traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación as obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, todo elo no marco do fomento do emprego e tales como:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vias municipais.
- Definir redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

### 4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumplidos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos

constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: se exixe estar en posesión do título de enxeñeiro técnico agrícola/forestal.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 3 (ou curso de iniciación nos termos establecidos na disposición adicional 1º da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no primeiro exercicio do sistema selectivo que se indica na claúsula seguinte.

## 5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello e a súa páxina web.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e una declaración xurada ou promesa do cónxuge ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está oa seu cargo.

b) Carnet de conducir.

c) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que **é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación**.

d) Certificación, de ser o caso, acreditativa **do grao de discapacidade**.

e) De o caso, as persoas que aleguen ser **vítima de violencia de xénero**: A efectos destas bases, entendese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060 - C.I.E. P-2700600-1

1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
  2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
  3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
  4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
  5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- f) Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectadada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administración públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Relación, segundo a orde que se establece na base 8<sup>a</sup>, dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na bases 8<sup>a</sup>.

h) Título CELGA 3 (ou curso de iniciación nos termos establecidos na disposición adicional 1º da Orde de 16 de xullo de 2007).

i) Título de enxeñeiro técnico agrícola/forestal

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas. Faise constar que á data de hoxe non se atopa habilitada a sede electrónica do Concello de Becerreá.

### **6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no

taboleiro de edictos da casa do Concello, e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

O tribunal estará constituido por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. n.º 01270060 - C.I.E. P-2700600-F

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenzia de un entrambos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestiós que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

## 8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

### 1. FASE DE OPOSICIÓN

### PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a CINCO PREGUNTAS baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 60 minutos e determinado polo Tribunal,

que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarse de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

#### **SEGUNDO EXERCICIO**

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 51.2 da LEPG deberán realizar este exercicio aqueles/as candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego (enxeñeiro técnico) no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación dacordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOGA 146 de 30 de xullo de 2007)

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

#### **2.CONCURSO NON TERÁ CARÁCTER ELIMINATORIO NEN PODERÁ TERSE EN CONTA PARA SUPERAR A FASE DE OPOSICIÓN**

O baremo de méritos fixase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establecese en sete (7) puntos para o posto de tractorista e de enxeñeiro técnico e serán o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

##### **a) Experiencia profesional. Máximo tres (3) puntos.**

O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10.

b) Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais. Asemade non se computarán os servizos prestados simultáneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial, tomando como referencia corenta horas á semana.

Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Estes documentos poderán ser sustituidos por un certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

Os servizos prestados que a xuizo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

##### **b) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo dos con cinco (2.5) puntos.**

Dacordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, se primará



## CONCELLO DE BECERREÁ

N.C.L. n.º 01270060 - C.I.T. P-27006004

favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

- mulleres: 0,50 puntos
- maiores de 45 anos: 0,50
- parados de longa duración: 0,50 puntos. Considerese parado de longa duración estar inscrito ininterrumpidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou más meses.
- persoas con discapacidade (0,50)
- persoas vítimas de violencia de xénero (0,50)

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

### c)Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Máximo de un coma cinco (1,5) puntos

Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establecese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Forma de acreditar os meritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola entidade pública que o impartiou e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

## 9. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

## Concello de Becerreá

Praza do Concello, S/N, Becerreá. 27640 Lugo. Tfno. 982360004. Fax: 982360518

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na p\'axina web do Concello de Becerre\'a.

Os aspirantes deber\'an presentarse para a realizaci\'on do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da s\'ua identidade, a xu\'zo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poder\'an ser requeridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a s\'ua personalidade.

Os/as aspirantes ser\'an convocados en \'unico chamamento, sendo exclu\'idos da oposici\'on os que non comparecesen, ag\'as nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As xustificaci\'ons ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes \'a celebraci\'on do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poder\'an desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castel\'a, a s\'ua libre elecci\'on.

Para establecer a orde en que haber\'an de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estar\'a o resultado do sorteo publicado pola Resoluci\'on correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selecci\'on de personal de administraci\'on da Comunidad Aut\'onoma de Galicia.

## **10. RELACI\'ON DE APROBADOS.**

O Tribunal publicar\'a no taboleiro de anuncios a puntuaci\'on total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuaci\'ons se resolver\'a a favor dos aspirantes que acaden maior n\'umero de puntos na fase de oposici\'on e seguidamente na de concurso no primeiro apartado, segundo e terceiro, sucesivamente...Se persiste o empate, resolverase por sorteo p\'ublico.

Finalizado o proceso de selecci\'on elevarase ao \'organo competente proposta dos candidatos para a formalizaci\'on dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poder\'an aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un n\'umero superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzcan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalizaci\'on do contrato, o \'organo convocante poder\'a requerir ao \'organo de selecci\'on relaci\'on complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a s\'ua posible contrataci\'on.

A devandita relaci\'on complementaria poder\'a tam\'en servir para constituir unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzcan durante o periodo de duraci\'on do plan de emprego.

## **11. PRESENTACI\'ON DE DOCUMENTOS.**

Os/as candidatos propostos para seren contratados deber\'an achegar no prazo de 2 (2) d\'ias h\'abiles, a seguinte documentaci\'on, ag\'as que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participaci\'on:



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060 - C.I.E. P-2700600-1

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvimento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de fuerza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3<sup>a</sup>, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

### **12.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

### **13. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar desde o dia seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrixa un mes desde o día siguiente ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados desde o dia seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá a 14 de outubro de 2016

O alcalde

Don Manuel Martínez Núñez

ANEXO I.TEMARIO

Tema 1

Concello de Becerreá. Encuadre territorial e poboación.

## Tema 2

Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais

**ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRICOLA/FORESTAL NO CONCELLO DE BECERREÁ, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN A ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

D/a..... provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo

na

R/..... nº..... p  
iso.....

C.Postal..... Localidade.....

Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cervantes para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 1 enxeñeiro técnico agrícola/forestal.

### DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñeo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos



## CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060 - C.I.C. P-27036004

meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Permiso de conducción en vigor tipo B.
- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Celga 3
- Título de enxeñeiro técnico agrícola/forestal.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base 8<sup>a</sup>.
- Xustificante de ter aboado os dereitos de exame por importe de 22 €. (epígrafe 5º da Ordenanza reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Administracións ou Autoridades Locais a instancia de parte aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30 de setembro de 2003 e posteriormente modificada en sesión de data 17 de xaneiro de 2008).

....., ..... de.....de 2016

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestionan a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza do Concello s/n 27640 BECERREÁ-LUGO.

En Becerreá a 14 de outubro de 2016.

O Alcalde

